

BASES DO SERVIZO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019

ARTIGO 1.- CONCEPTO

Os campamentos de verán son unha oferta lúdica e formativa de desenvolvemento persoal concibida para, de xeito progresivo, dotar a nenos/as e mozos/as das ferramentas precisas para lograr a súa autonomía e independencia fomentando a convivencia, a cooperación, o respecto e un xeito de vida saudable ao tempo que o achegamento ao medio natural, ao deporte e a cultura.

ARTIGO 2.- DESTINATARIOS

Este servizo está dirixido ás etapas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato.

Condicións para solicitar o servizo:

- Usuarios/as empadroados/as no Concello de Ames.

De existir máis prazas que solicitudes poderán acceder ao servizo:

- Usuarios/as que non estando empadroados/as no Concello de Ames, están matriculados/as nun centro educativo de Ames ou os seus pais traballan no termo municipal. (Achegar documentación acreditativa da empresa ou centro educativo no momento da inscrición).

De persistir a existencia de prazas tamén poderán acceder ao programa:

- Usuarios/as non empadroados/as.

ARTIGO 3.- DESTINOS, DATAS, PRAZAS E CUSTE DOS CAMPAMENTOS

Granxa Escola Fervenzas do Toxa

Nivel educativo: 4º e 5º de Educación Infantil

Datas: 26 -27 de xuño

Prazas: 30 (mínimo 20 prazas).

Custe: 45 €*

Granxa Escola Fervenzas do Toxa

Nivel educativo: 6º de Educación Infantil

Datas: 27 - 29 de xuño

Prazas: 35 (mínimo 20 prazas).

Custe: 90 €

Granxa – Escola Barreiros I

Nivel educativo: 1º e 2º de Educación Primaria

Datas: 27 - 29 de xullo

Prazas: 35 (mínimo 30 prazas)

Custe: 90 €*

Granxa – Escola Barreiros II

Nivel educativo: 1º e 2º de Educación Primaria

Datas: 29 - 31 de xullo

Prazas: 35 (mínimo 30 prazas)

Custe: 90 €*

Galipark Multiaventura

Nivel educativo: 3º e 4º de Educación Primaria

Datas: 2 - 5 de xullo.

Prazas: 100 (mínimo 50 prazas)

Custe: 125 €*

Campamento nas Fragas do Eume

Nivel educativo: 5º de Educación Primaria

Datas: 1 - 6 de xullo

Prazas: 50 (mínimo 30 prazas)

Custe: 170 €*

Campamento Mar de Arousa

Nivel educativo: 6º de Educación Primaria

Datas: 1 - 6 de xullo

Prazas: 50 (mínimo 30 prazas)

Custe: 170 €*

Campamento Xuvenil Diverlanhoso (Portugal)

Nivel educativo: 1º - 3º de Educación Secundaria

Datas: 14 - 20 de xullo

Prazas: 40 (mínimo 25 prazas)

Custe: 220 €*

Aventura en Asturias

Nivel educativo: de 4º de ESO a 2º Bach

Datas: 15 - 20 de xullo

Prazas: 30 (mínimo 15 prazas)

Custe: 230 €*

Campamento Urbano (Aula da Natureza)

Idades: de 6 a 14 anos

Datas: do 8 - 20 de xullo (de luns a venres en horario de 16.00h a 20.00h)

Prazas: 40 (mínimo 20 prazas)

Custe: 50 €*

Granxa Escola Kirico SETEMBRO

Nivel educativo: de 6 a 16 anos

Datas: 28 agosto - 2 setembro

Prazas: 45 (mínimo 20 prazas)

Custe: 150 €*

*** Prezos públicos aprobados en Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 11/04/2019.**

ARTIGO 4.- INSCRICIÓN

Ábrese un prazo de inscrición **do 12 ao 25 de abril**

As BASES e o impreso de INSCRICIÓN dos Campamentos de Verán 2019 poderán obterse de luns a venres en horario de 9:00h a 14:00h en:

- Oficinas Municipais do Milladoiro.
- Departamento de Medio Ambiente e de Mocidade, Casa do Concello, Bertamiráns.
- Páxina web municipal www.concellodeames.gal (sección AVISOS).

Documentación a presentar na inscrición por todos/as participantes:

- Impreso de inscrición debidamente cumprimentado.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- Copia do DNI (en caso de dispor do mesmo).
- Unha foto tamaño carné.
- Certificado médico (só no caso de padecer enfermidade que deba ser reflectida).

De selo caso, coa finalidade de establecer a orde de **prioridade**, deberase xuntar ao impreso:

- Informe do centro de estudos ou certificado da empresa (ou institución correspondente) para os/as nenos/as que non estando empadroados/as no Concello, están matriculados/as nun centro educativo de Ames ou os seus pais traballan no termo municipal.

De selo caso, coa finalidade de acceder aos **beneficios fiscais de bonificación de taxas** (artigo 9 destas bases), deberase axuntar a seguinte documentación:

- Familia numerosa: copia cotexada do libro de familia e título acreditativo de familia numerosa de categoría especial ou xeral.
- Familia de especial consideración: documentación que acredite atoparse nalgún dos supostos de acordo coa definición e requisitos establecidos na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que puntúan no baremo de exención e bonificación de taxas.

A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

Lugares de presentación (de luns a venres en horario de 09:00h a 14:00h):

- Rexistro Xeral. Casa do Concello, Bertamiráns.
- Rexistro das Oficinas Municipais do Milladoiro.
- Rexistro do Pazo da Peregrina.

Non se admitirán solicitudes de inscrición fóra dos prazos establecidos.

ARTIGO 5.- PUBLICACIÓN DA LISTA PROVISIONAL E DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS

A efectos de información e posibles reclamacións publicarase a lista provisional de admitidos/as na páxina web municipal e nos taboleiros oficiais do concello do **29 abril ao 3 de maio**. Non se admitirán reclamacións fóra deste prazo. Do mesmo xeito, o **8 de maio**, publicarase a lista definitiva.

Debido a Lei de Protección de Datos, as listas dos campamentos non poden conter datos de carácter persoal. Poderá comprobar a situación da persoa inscrita a través do número de rexistro que figura na lista e na copia do impreso de inscrición do campamento. As listas tamén se poden consultar nas oficinas do departamento de Medio Ambiente e Mocidade, situadas na Casa do Concello, nas portas de entrada da Casa do Concello e nas oficinas municipais do Milladoiro.

ARTIGO 6.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

- **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
- **Por sorteo público**, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles. Neste caso, o sorteo realizarase o **día 13 de maio ás 12:00h** no salón de plenos da Casa do Concello. No sorteo seguiranse as premisas de prioridade expostas ao comezo destas bases.

Os irmáns inscritos no mesmo campamento e que así o manifesten, poderán participar no sorteo cunha papeleta única.

Mediante este sorteo cubriranse as prazas nas distintas actividades. Así mesmo, este sorteo dará lugar a unha lista de agarda para cada un dos campamentos. O resultado e a lista de agarda publicarase o día **15 de maio a partir das 14:00h**.

Lista de agarda

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renuncia á praza obtida no sorteo, serán ofertadas aos solicitantes que figuran nas listas de agarda correspondentes, seguindo a orde da lista. Realizaranse tres chamadas entre as 09:00h e 14:00h aos números que se facilitaron nos impresos de inscrición. Estas chamadas quedarán rexistradas para a súa constancia, e de non ter resposta do/a interesado/a nun prazo de 24 horas, este será dado de baixa e procederase a chamar ao seguinte da lista de agarda. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofertada, deberase presentar a documentación requirida nun prazo máximo de 48 horas, de non facelo así, a praza será ofertada ao seguinte da lista de espera.

ARTIGO 7.- PAGAMENTO (AUTOLIQUIDACIÓNS)

Para facer efectiva a matrícula do campamento débese aboar en tempo e forma o importe do mesmo.

A **AUTOLIQUIDACIÓN** poderá obterse de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h en:

- Oficina de Recadación de Milladoiro (Rúa Viorneira, nº6).
- Oficina de Recadación de Bertamiráns (Praza Horta de Abaixo, nº6). Tamén en horario de tarde os luns e mércores (de 16:15h a 18:30h).
- A través do correo electrónico ames@canaltributos.com

En caso de dispor de Certificado Dixital ou DNI electrónico poderá descargar as AUTOLIQUIDACIÓNS través do enlace “Oficina Virtual Tributaria” que figura na páxina web do Concello de Ames (www.concellodeames.gal) ou a través da banca electrónica de ABANCA.

As autoliquidacións poderán facerse efectivas en calquera entidade bancaria de ABANCA, BBVA, CaixaBank, Banco Sabadell e Banco Pastor.

A obriga de pagamento nace cando se produza a correspondente solicitude de matrícula e a admisión do/a usuario/a no servizo. A obriga de pagamento desaparece coa baixa no servizo.

Fraccionamento do pago

O pagamento poderá efectuarse en dous prazos a través das correspondentes autoliquidacións, nos seguintes prazos:

- **Primeiro prazo** (50% do custe): do 22 ao 31 de maio.
- **Segundo prazo** (50% do custe): do 4 ao 14 de xuño.

De non aboar o importe do campamento nos prazos establecidos, considerarase baixa inmediata no servizo sen posibilidade de recuperar os importes aboados, agás causa xustificada.

ARTIGO 8.- RENUNCIA A PRAZA E DEVOLUCIÓN DA TAXA

No caso de que, por algún motivo xustifico, tivese que renunciar á praza, comunicáraselle por escrito á Concellaría de Medio Ambiente ou de Mocidade.

Se unha vez obtida a praza e aboadado o prezo correspondente, o/a interesado/a non puidese asistir á actividade por causa de forza maior, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito e solicite a devolución da cantidade aboadada antes do inicio da actividade.

ARTIGO 9- EXENCIÓN E BONIFICACIÓNS EN TAXAS E PREZOS

- **Exención da taxa:** no programa de Campamentos de Verán reservaranse un **10% das prazos** para casos de emerxencia social derivados dos Servizos Sociais Municipais.
- **Bonificación 50% da taxa:**
 - Familias numerosas de categoría especial, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.
- **Bonificación 20% da taxa:**
 - As familias numerosas de categoría xeral, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.
 - As familias de especial consideración, agás as familias numerosas, de acordo coa definición e requisitos establecidos na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: familias monoparentais, familias con persoas maiores a cargo, familias con persoas discapacitadas a cargo, familias con persoas dependentes a cargo e familias acolledoras. Os criterios de aplicación ás familias de especial consideración son os recollidos no Decreto 356/14 de bonificacións aplicables nos servizos complementarios e de conciliación da vida familiar e laboral.

As anteriores bonificacións non son acumulables, de xeito que os/as usuarios/as tan só poderán acollerse a aquela que lles resulte máis beneficiosa.

ARTIGO 10.- REUNIÓNS INFORMATIVAS

Día **22 de abril** no Pazo da Peregrina en Bertamiráns.

Día **23 de abril** na Casa da Cultura do Milladoiro.

16:30h-17:00h: Granxa Escola Kiriko SETEMBRO de 6 a 16 anos e Campamento Urbano (Aula da Natureza) de 6 a 14 anos.

17:00h-17:30h: 4º, 5º e 6º de Educación infantil.

17:30h-18:00h: 1º e 2º de Educación Primaria.

18:00h-18:30h: 3º e 4º de Educación Primaria.

18.30h-19.00h: 5º e 6º de Educación Primaria.

19:00h-19:30h: 1º - 3º de ESO.

19:30h-20:00h: 4º de ESO - 2º Bacharelato.

ARTIGO 11.- A inscrición nestas actividades supón o compromiso da aceptación das normas.

Información xeral

Campamentos de Verán 2019 Concello de Ames

- ➔ Concellaría de Medio Ambiente. Casa do Concello.
Tel. 660.004.665. auladanatureza@concellodeames.gal

- ➔ Concellaría de Mocidade. Casa do Concello (luns, mércores e xoves) e Casa da Cultura de Milladoiro (martes e venres).
Tel. 616.083.229. omix@concellodeames.gal

PODEN SOLICITAR INFORMACIÓN DOS CAMPAMENTOS, ASÍ COMO A DOCUMENTACIÓN DOS MESMOS (INSCRICIÓN, AUTOLIQUIDACIÓN,...) NO SEU CORREO ELECTRÓNICO, CUBRINDO UN APARTADO A TAL EFECTO NO IMPRESO DE INSCRICIÓN.